

Taxa por entrada de veículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.



**7.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS
DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA
DE VEHÍCULO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE**

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outros usos similares.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑÍBEL.

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal con entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase ou outras reservas análogas.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO.

1. Serán suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, en cuxo favor se outorguen as licenzas ou que gocen de dito aproveitamento, si se producen sen a oportuna licenza.

A estes efectos enténdese por beneficiario:

- a) A empresa ou particulares que gocen do aproveitamento a que se refire o artigo 2 anterior.
- b) Os amos de obras e os construtores, de forma solidaria, cando se trate de aproveitamentos establecidos con motivo dunha obra.

2. Serán suxeitos substitutos do contribuínte os propietarios dos terreos e locais aos que dean acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS.**

So se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para determinar a cota tributaria:

- a) Nas entradas de vehículos a través de beirarrúas, o metro lineal de dominio público reservado, o número de vehículos de capacidade do garaxe, taller, nave, estación de servizo ou outras análogas e tipo de actividade. Nas entradas de vehículos a través de dominio público cando non existan beirarrúas, aplicaranse os mesmos criterios a efectos de cuantificación da cota.
- b) Nas reservas para paradas e estacionamento de carácter permanente:
 - b.1 Para empresas de transporte de viaxeiros, os metros lineais de reserva de dominio público.
 - b.2 Para empresas de transporte de mercancías, metros lineais de reserva de dominio público.
- c) Nas reservas para paradas e estacionamento de carácter temporal aplicaranse os mesmos criterios que no apartado b) anterior.

ARTIGO 7. COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

ARTIGO 8. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

1. O período impositivo coincidirá co ano natural, nembargante en caso de alta ou baixa no Padrón, as cotas ratearanse por trimestres naturais.

2. Cando se trate de reservas de carácter puntual para actividades de construción, subministro, comercio ou servizos, a taxa nacerá a cobro no momento en que sexa autorizada a utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público, ou se iniciara o aproveitamento sen obter a licenza, sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento de sanción tributario.

3. Cando se traten aproveitamentos ou utilizacións privativas do dominio público que teñan carácter permanente, liquidarase a taxa e porase ao cobro a mesma, trala confección do Padrón anual, debendo ingresarse dentro dos prazos que sinala o artigo 62 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 9. INGRESO.

O pago desta taxa realizarase:

1. Nas liquidacións que correspondan as altas, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras colaboradoras na recadación, dentro dos prazos sinalados no artigo 62 da LXT.

2. Nas liquidacións por recibo, nas datas e entidades ou oficinas que se sinale no Edicto de exposición pública do Padrón.

ARTIGO 10. INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11. NORMAS DE XESTIÓN.

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa, deberán presentar unha solicitude axuntando plano ou detalle da superficie de aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Os axentes da policía local examinarán a solicitude, emitindo informe a cerca da posible incidencia da autorización do aproveitamento na seguridade viaria, así como dos metros lineais solicitados. A vista do informe anterior os Técnicos municipais do Negociado de Urbanismo emitirán o informe relativo á concesión/denegación da solicitude que se incorporará ao expediente para elevalo ao órgano competente, que resolverá.

2. Unha vez autorizado o aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público municipal, este entenderase prorrogado mentres non se presente unha declaración de baixa por parte do suxeito pasivo.

3. Cando se termine o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa en Padrón da taxa, tendo efecto dentro do ano natural en que se produza. Se xa se abonar a taxa, polo ano completo, procederá a devolución da parte proporcional, que se cuantificará mediante un rateo por trimestres naturais.

Disposición final.

Esta ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro de 2011, quedando aprobada definitivamente ao non presentarse reclamación algunha contra a aprobación provisional, entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa da mesma.

A N E X O

Concepto

1.—Entrada de vehículos a través do dominio público.

1.1 A través de beirarrúas: 1.1.1 Garaxes

a) Garaxes de edificios e vivendas:

* Por cada metro lineal de entrada sobre o dominio público	25,58 €
* Por cada vehículo de capacidade do garaxe	2,57 €

b) Garaxes públicos:

* Por cada metro lineal de entrada sobre o dominio público	50,78 €
* Por cada vehículo de capacidade do garaxe	5,10 €

1.1.2 Talleres, naves industriais e estacións de servizo

a) Talleres

* Por cada metro lineal de entrada sobre o dominio público	42,55 €
* Por cada vehículo de capacidade do taller (1).	4,28 €

b) Naves industriais:

* Por cada metro lineal de entrada sobre o dominio público	34,07 €
* Por cada vehículo de capacidade da nave industrial (1)	3,38 €

c) Estacións de servizo:

* Por cada metro lineal de entrada sobre o dominio público	83,88 €
* Por cada vehículo de capacidade da estación de servizo (1)	8,48 €

1.2.1 Garaxes:

a) Garaxes de edificios e vivendas:

* Por cada metro lineal de entrada sobre o dominio público	16,97 €
* Por cada vehículo de capacidade do garaxe	1,73 €

b) Garaxes públicos:

* Por cada metro lineal de entrada sobre o dominio público	34,07 €
* Por cada vehículo de capacidade do garaxe	3,38 €



1.2.2 Talleres, naves industriais e estacións de servizo:

a) Talleres

- * Por cada metro lineal de entrada sobre ó dominio público 25,58 €
- * Por cada vehículo de capacidade do taller (1) 2,56 €

b) Naves Industriais:

- * Por cada metro lineal de entrada sobre ó dominio público 16,97 €
- * Por cada vehículo de capacidade da nave industrial (1) 1,73 €

c) Estacións de servizo:

- * Por cada metro lineal de entrada sobre ó dominio público 42,55 €
- * Por cada vehículo de capacidade da estación de servizo (1) 4,28 €

1.3 Vao permanente.

- 1.3.1 Por cada metro lineal de vao permanente ata 2,5 metros 47,87 €
- Cada metro a mais ou fracción 21,93 €
- 1.3.2 Venda de placas de vao permanente, por unidade 31,86 €

determinarase dividindo a superficie total entre 6 m.

2.1 Reservas de vía pública para paradas puntuais:

- 2.1.1 Para empresas de transporte de viaxeiros 17,03 €
- 2.1.2 Para empresas de transporte de mercancías 25,66 €
- 2.2.1 Para particulares 102,40 €
- 2.2.2 Empresas de transporte de viaxeiros 68,34 €
- 2.2.3 Empresas de transporte de mercancías 85,37 €
- 2.3 Venda de placas de reserva de vía pública 42,68 €